

MESA SECTORIAL DO DÍA 16 DE DECEMBRO DE 2021

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O 19 DE OUTUBRO DE 2021.

Apróbase a acta das sesións referidas unha vez feitas as alegacións correspondentes polas Organizacións Sindicais.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE ACTUALIZA A NORMATIVA DE AVALIACIÓN NAS ENSEÑANZAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA, DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E DE BACHARELATO NO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA.

A postura de ANPE respecto a titulación e a promoción é pública e coñecida: consideramos que non se debe titular nin promocionar con materias suspensas nin sequera nas situacións excepcionais que contempla a normativa. O debate e a modificación normativa que se nos presenta hoxe vén derivada dun cambio de normativa estatal a metade de curso que provoca un grave trastorno no profesorado.

Tal e como ANPE Galicia trasladou na xuntanza telemática mantida hai uns días co Conselleiro hai para nós dúas cuestións importantes que hai que atallar: a inseguridade xurídica e as problemáticas que poden xurdir nas xuntas de avaliación nos centros docentes e a repercusión na Orde do Calendario Escolar.

Con respecto ao primeiro tema estamos de acordo en que se establezan uns criterios comúns para todos os centros educativos de Galicia que aparezan recollidos nunha normativa para tratar de paliar a inseguridade xurídica que se pode xerar e mitiguen os conflitos que poidan xurdir nas sesións de avaliación dos centros educativos. Neste senso parécenos axeitado que se introduzan criterios (máis aló da media aritmética das materias superior a 5 que recolle a normativa estatal) para que os equipos docentes poidan adoptar decisións de promoción e titulación de alumnado con materias suspensas. Se deixamos unicamente o criterio da media aritmética superior a 5 poden darse situacións de agravio comparativo entre alumnado e tamén entre centros educativos, polo que, para nós, recoller criterios adicionais potencia a autonomía dos equipos docentes na toma de decisións e establece uns criterios homoxéneos válidos para todos os centros.

Con respecto ao calendario escolar consideramos que non debe haber diferenciación entre a terceira avaliación e a avaliación final e debería facerse coincidir a terceira avaliación co fin do curso académico e das actividades lectivas. Consideramos que vimos de dous cursos especialmente complicados pola situación da pandemia e que non estamos en condicións de que o alumnado que superou todas as materias (que é o que finalmente sae prexudicado en lugar de beneficiado) “perda” dúas semanas lectivas que están máis pensadas para reforzar ao alumnado que non supera todas as materias.

Para finalizar non se pode sobrecargar con máis tarefas burocráticas aos centros educativos e ao profesorado.

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- Solicitamos información sobre o que vai a suceder co Programa Arco que inicialmente tiña unha duración de 3 meses e quedou de facto nun mes e que se ten pensado facer coa dotación orzamentaria sobrante. **A Administración resposta que a data de finalización do programa está marcada o 31 de decembro.**
- Solicitamos unha convocatoria urxente para a semana que vén da Mesa Sectorial para tratar a situación dos procesos selectivos. Se a día de hoxe a Administración ten algunha nova ao respecto agradeceríamos o seu traslado e confirmación.
- Denunciar a falta de cobertura de substitucións tanto en primaria como en secundaria. Solicitamos tamén a publicación da actualización das listaxes de substitucións do corpo de mestres.
- A nova Lei de Formación Profesional será aprobada nos vindeiros días no Congreso. Desde ANPE Galicia consideramos que debemos sentarnos a falar xa da situación do profesorado de Formación Profesional. Por outra banda esta nova Lei dota de especial importancia á orientación profesional e persoal polo que demandamos coñecer a proposta de Rede de Orientación desta Consellería.

MESA SECTORIAL



- Con respecto á campaña da vacinación tanto de profesorado como de alumnado, ANPE solicita que lle traslade a Sanidade a necesidade de priorización do colectivo docente na aplicación da terceira dose. Incidir así mesmo na creación da figura da Enfermería Escolar que ANPE leva demandando desde hai tempo.
- ANPE Galicia considera que os docentes, como proxenitores, temos un deber de cautela dos nosos fillos e fillas polo que demandamos que se considere como deber inescusable o coidado dos mesmos cando deban permanecer nos fogares ven por corentena ou ben por estar infectados pola COVID.
- Solicitamos información sobre a situación da elaboración dos Regulamentos Orgánicos dos Centros. **A Administración resposta que se está traballando ao maior ritmo posible e que se leva feito un traballo importante. Sobre os restantes temas, competencia doutra Dirección Xeral ou doutras administracións se lles dará o traslado das cuestións plantexadas.**



ANPE
SINDICATO INDEPENDIENTE
GALICIA